



PLAN DE CONVIVENCIA

ELABORACIÓN: Grupo de Trabajo de Convivencia.	REVISIÓN: Equipos Docentes, EDE e Grupo de Trabajo de Convivencia.	APROBACIÓN: EDE. Consello Escolar.
Data: Setembro 2024.	Data: Setembro 2024.	Data: Setembro 2024
Este documento é propiedade do COLEXIO CALASANZ, quen se reserva o dereito de solicitar a súa devolución cando así o estime oportuno. Non se permite facer copia parcial ou total do mesmo, así como amosalo a empresas ou particulares sen a expresa autorización por escrito do Centro.		



ÍNDICE:	PÁXINA
1. INTRODUCCIÓN.	3
2. MARCO LEGISLATIVO AUTONÓMICO	4
3. ANÁLISE DA SITUACIÓN DA CONVIVENCIA NO CENTRO.	4
4. OBXECTIVOS PARA ACADAR A IMPLICACIÓN DOS DISTINTOS SECTORES DA COMUNIDADE EDUCATIVA.	5
5. OBXECTIVOS XERAIS E ESPECÍFICOS DO PLAN DE CONVIVENCIA.	6
6. PERSOA COORDINADORA DO BENESTAR E CONVIVENCIA.	7
7. GRUPO DE TRABALLO DE CONVIVENCIA.	9
8. A MEDIACIÓN ENTRE IGUAIS: PROGRAMA DE ALUMNADO AXUDANTE.	10
9. PROCEDIMENTOS DE ACTUACIÓN ORIENTADOS Á PREVENCIÓN DE CONFLICTOS E Á CONSECUCIÓN DUN ADECUADO CLIMA DE CONVIVENCIA NO CENTRO	11
10. DEREITOS E DEBERES DOS MEMBROS DA COMUNIDADE EDUCATIVA EN CANTO Á CONVIVENCIA ESCOLAR.	12
11. CRITERIOS DE ACTUACIÓN RESPECTO AO ALUMNADO QUE PRESENTA ALTERACIÓNS CONDUTUAIS QUE DIFICULTAN A CONVIVENCIA ESCOLAR E NORMAS E PROCEDIMENTOS DE RESOLUCIÓN DE CONFLICTOS.	16
12. ACOSO ESCOLAR: DEFINICIÓN E TIPOS.	16
13. ACTUACIÓN ANTE UN POSIBLE CASO DE ACOSO ESCOLAR: O EQUIPO ACAE.	19
14. SEGUIMIENTO E AVALIACIÓN DO PLAN DE CONVIVENCIA.	23
15. AULA DE CONVIVENCIA INCLUSIVA.	24
16. CONCLUSIÓNS.	26
17. LISTADO DE ANEXOS.	27



1. INTRODUCCIÓN

A escola é un lugar privilexiado de convivencia. É un espazo de crecemento, de encontro, de aprendizaxe, de experiencias compartidas, de coñecemento dos outros e de descubrimento do mundo. Na escola, como nun microcosmos, reproducense as situacións conflitivas da sociedade, pero tamén as posibilidades de superación e integración que favorecen os ambientes educativos.

As noticias vinculan con frecuencia as palabras “violencia”, “acoso” e “fracaso” á escola. Fronte a elas, temos que falar de prevención, motivación, comunicación e mediadores, de obxectivos, proxectos e experiencias, de profesores, alumnos e compañeiros. As novas situacións que vive a escola poden ser foco de conflitos, pero son tamén oportunidades para aprender, para o cal debemos aplicar as medidas axeitadas de detección e prevención destes conflitos.

Os nenos e nenas que medren, aprendan e maduren xuntos nun ambiente educativo de convivencia sa, serán cidadáns capaces de asumir as diferenzas, respectar aos outros, dialogar e convivir. Este é o obxectivo primordial do noso Centro, lograr a través da atención na “piedade e nas letras” un clima de convivencia baseado no respecto e na comunicación fluída e aberta entre todos os membros da comunidade educativa.

Consideramos, pois, necesario construír unha escola inclusiva, que favoreza a participación e implicación dos distintos sectores da comunidade educativa, na que se respire un clima de convivencia harmónico, que sexa facilitador do traballo escolar, onde todos se sintan seguros e respectados. Dende estes principios básicos, inculcaremos nos nosos alumnos valores cristiáns e humanos de solidariedade, non violencia, xustiza, tolerancia e liberdade, coa fin de ofrecer un servizo educativo de gran calidade.

Estes obxectivos necesitan do traballo conxunto da comunidade educativa e de todos os apoios posibles xa que a unión é imprescindible para establecer un procedemento sostible de mellora nos centros, para conxugar un procedemento tan tradicional como a sanción con outro menos aplicado como a mediación, permitindo unha resolución pacífica dos conflitos.



2. MARCO LEGISLATIVO AUTONÓMICO.

O marco legislativo autonómico, relacionado coa convivencia escolar e recollido na Estratexia de Convivencia escolar 2025 da comunidade autónoma de Galicia é o seguinte:

- Lei 11/2007, do 27 de xullo, galega para a prevención e o tratamento integral de violencia de xénero.
- Lei 4/2011, do 30 de xuño, de convivencia e participación da comunidade educativa.
- Decreto 229/2011, do 7 de decembro, polo que se regula a atención á diversidade do alumnado dos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia.
- Lei 2/2014, do 14 de abril, pola igualdade de trato e a non discriminación de lesbianas, gays, transexuais, bisexuais e intersexuais en Galicia.
- Decreto 8/2015, do 8 de xaneiro, que desenvolve a Lei 4/2011, define a convivencia escolar.
- Resolución do 3 de xullo de 2018, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa, pola que se ditan instrucións para o apoio á creación e ao funcionamento das escolas de nais e pais reguladas pola Lei 4/2011, do 30 de xuño, de convivencia e participación da comunidade educativa.
- Instrución do 6 de setembro de 2019, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa, para a elaboración de plans de igualdade no curso 2019/2020, nos centros docentes sostidos con fondos públicos de niveis non universitarios da Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional.
- Orde do 8 de setembro de 2021 pola que se desenvolve o Decreto 229/2011, do 7 de decembro, polo que se regula a atención á diversidade do alumnado dos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia.

3. ANÁLISE DA SITUACIÓN DE CONVIVENCIA NO CENTRO.

O Centro Educativo Privado Concertado COLEXIO CALASANZ - PP. ESCOLAPIOS está ubicado na cidade da Coruña, Estrada dos Fortes 10. Atópase situado no ángulo N-NO da cidade, na zona de San Pedro de Visma, contiguo ao barrio de "Los Rosales".

Este centro escolar, ten como núcleos poboacionais máis pretos os constituídos polos barrios de Labañou, Cidade Escolar, San Pedro de Visma e "Los Rosales". Esta referencia xeográfica vese ampliada á hora de analizar a zona de influencia recoñecida polo Delegación Provincial da Consellería



de Educación da Coruña para o centro, polo que tamén habería que ter en conta os barrios do Ventorrillo e San Roque.

A poboación deste barrio é, na súa maioría, de clase social media. A zona de influencia é unha mestura de grupos de vivendas sociais de clase media-baixa. Apréciase un envellecemento progresivo da poboación e un descenso gradual da natalidade.

É favorable cara a convivencia, o carácter familiar deste centro educativo, onde as familias están moi presentes na actividade e funcionamento do Colexio, tamén favorecido polas actividades relacionadas cos departamentos de Pastoral e Acción Social.

Tamén é positivo para un mellor funcionamento da convivencia, o carácter máis permanente e estable do profesorado na comunidade educativa, o que favorece o coñecemento e comunicación coas familias e alumnado.

Polo tanto, a conflitividade xeral é baixa, detectándose rapidamente os incidentes ou desviacións da norma polo profesorado ou demais membros da comunidade educativa, e establecendo as medidas de actuación oportunas.

4. OBXECTIVOS PARA ACADAR A IMPLICACIÓN DOS DISTINTOS SECTORES DA COMUNIDADE EDUCATIVA

- **Favorecer o coñecemento do Plan de Convivencia.**
 1. Revisar de maneira anual por parte dos equipos docentes, do grupo de traballo e do EDE o Plan de Convivencia e os documentos de Normas de Organización e Funcionamento (NOF) e o Regulamento de Réxime Interno (RRI).
 2. Dar a coñecer o Plan de Convivencia a través do muro das familias de EDUCAMOS.
 3. Informar ao principio de curso o Plan de Convivencia ás familias.
 4. Dedicar unha sesión de PAT á presentación do Plan de Convivencia ao alumnado.

- **Posibilitar que os distintos compoñentes da comunidade educativa poidan portar suxestións na elaboración do Plan.**
 1. Incluír nas enquisas algún ítem referido ao Plan de Convivencia.
 2. Pasar trimestralmente en cada titoría unha avaliación do clima de convivencia escolar



(en 5º y 6º de Educación Primaria, na ESO e Bacharelato). Farase a través dun formulario (FORMS).

3. Revisar, por parte do grupo de traballo de Convivencia, a información acadada a través das enquisas realizadas ao remate do curso anterior e ao final do trimestre a partir dos datos procedentes das diferentes titorías, da CCP e da dirección de etapa ou xefatura de estudos.
 4. Nas xornadas de revisión ou preparación do curso ter unha xuntanza por equipos docentes para tratar os resultados que sobre a convivencia escolar se teñan e propor suxestións ao Plan do seguinte curso.
- Favorecer a análise e a proposta de suxestións ao Plan de Convivencia por parte do Consello Escolar.

5. OBXECTIVOS XERAIS E ESPECÍFICOS DO PLAN DE CONVIVENCIA

O Plan de Convivencia ten uns obxectivos xerais baseados na Lei 4/2011 e no Decreto 8/2015, e tamén uns obxectivos específicos derivados da análise previa de conflictividade do centro, e adaptados á realidade do noso centro.

Obxectivos Xerais

- Facilitarlles aos órganos de goberno e ao profesorado instrumentos e recursos en relación coa prevención da violencia e a mellora da convivencia no centro.
- Concienciar e sensibilizar á comunidade educativa sobre a importancia dunha adecuada convivencia escolar e sobre os procedementos para melloralala e acadar un ambiente educativo que permita o óptimo aproveitamento dos recursos que a sociedade pon a disposición do alumnado.
- Fomentar nos centros educativos os valores, as actitudes e as prácticas que permitan mellorar o grao de aceptación e cumprimento das normas e avanzar no respecto á diversidade e no fomento da igualdade entre homes e mulleres.
- Facilitar a prevención, a detección, o tratamento, a xestión e a resolución dos conflitos que se poidan producirse no centro e aprender a utilizalos como fonte de experiencia e aprendizaxe.



- Facilitar a prevención, detección e eliminación de todas as manifestacións de violencia, especialmente do acoso escolar, da violencia de xénero e das actitudes e comportamentos xenófobos e racistas.
- Facilitar a conciliación ou a mediación para a resolución pacífica dos conflitos.
- Contribuír desde o ámbito da convivencia á adquisición das competencias básicas, particularmente das competencias social e cidadá e para a autonomía e iniciativa persoal.
- Fomentar e facilitar a participación, a comunicación e a cooperación das familias no mantemento da convivencia nos centros docentes.
- Establecer, incrementar e consolidar as relacións con entidades e institucións do contorno que contribúan á construción de comunidade educadora e a unha convivencia de calidade que potencia os dereitos e as liberdades fundamentais.

Obxectivos Específicos

- Lograr a través da atención na “Piedade e Letras” un clima de convivencia baseado no respecto e na comunicación fluída e aberta entre todos os membros da Comunidade Educativa.
- Mellorar os mecanismos de detección, prevención e xestión dos conflitos dende o diálogo e a mediación no noso Centro.
- Favorecer o coñecemento do Plan de Convivencia a toda a comunidade educativa, especialmente ás familias e alumnado, a través do Muro das Familias e a través de sesións de titorías nas aulas (incluídas no PAT).
- Facer un seguimento do Plan, e posibilitar que os distintos compoñentes da comunidade educativa poidan aportar suxestións de mellora ao Plan de Convivencia.

6. PERSOA COORDINADORA DE BENESTAR E CONVIVENCIA.

Na Orde do 23 de agosto de 2023 establécese a figura da persoa coordinadora de benestar e convivencia nos centros docentes de Galicia. Esta persoa será designada pola dirección do centro, actuando baixo a súa supervisión, e terá funcións específicas en materia de convivencia escolar. Para o curso 24/25, a persoa coordinadora de benestar e convivencia será Almudena Cotelo. Tal e como recolle a lexislación vixente, a persoa coordinadora disporá, dentro do seu horario, de dúas horas semanais para a xestións derivadas deste posto.



As funcións da persoa coordinadora son as seguintes:

a) En coordinación co equipo directivo:

- Coordinar o Plan de Convivencia e colaborar na súa dinamización xunto coa Comisión de convivencia do centro.
- Fomentar o uso de métodos alternativos na resolución pacífica dos conflitos entre o persoal do centro e o alumnado, para o cal velará, entre outras accións, pola incorporación e tratamento no Plan de Acción Titorial (PAT) de contidos relacionados coas habilidades sociais, a intelixencia emocional, a autoestima, a resolución pacífica de conflitos, a mediación e as dinámicas de grupo.
- Identificarse ante o alumnado, ante o persoal do centro educativo e, en xeral, ante a comunidade educativa, como principal referente das comunicacións relacionadas con posibles casos de violencia no propio centro ou na súa contorna.
- Informar o persoal do centro sobre os protocolos de prevención e protección de calquera forma de violencia existente na súa localidade ou na súa comunidade autónoma.
- Promover, en situacións que supoñan un risco para a seguridade das persoas menores de idade, a comunicación inmediata por parte do centro educativo ás forzas e corpos de seguridade do Estado.
- Promover plans de formación en materia de prevención, detección precoz e protección da infancia e adolescencia, dirixidos tanto ao persoal que traballa nos centros educativos como ao alumnado e ás súas familias ou ás persoas titoras legais, con especial atención ao persoal do centro que actúa como titoras e tutores, e á adquisición, por parte do alumnado, de habilidades para detectar e responder a situacións de violencia.
- Promover no centro docente unha alimentación saudable e nutritiva que permita ao alumnado, especialmente ao máis vulnerable, ter unha alimentación equilibrada.
- Promover, en situacións que poidan implicar un tratamento ilegal de datos persoais das persoas de menores de idade, a comunicación inmediata por parte do centro educativo, con coñecemento da persoa delegada de protección de datos da consellería con competencias en materia de educación, á Axencia Española de Protección de Datos.



b) En coordinación co departamento de orientación:

- Promover medidas que garantan o máximo benestar da infancia e da adolescencia, así como a cultura do bo trato, coordinando actuacións, que se realizarán no centro e desde a titoría, promotoras de valores democráticos de convivencia, negociación e diálogo e cultura de paz.
- Colaborar no deseño e desenvolvemento de programas facilitadores de detección de dificultades de convivencia e de relación.
- Fomentar o respecto polo alumnado con discapacidade ou calquera outra circunstancia de especial vulnerabilidade ou diversidade.
- Coordinar, de acordo cos protocolos establecidos, os casos que requiran intervención por parte dos servizos sociais competentes, debendo comunicalo ás autoridades correspondentes, se se valora necesario, e sen prexuízo do deber de comunicación nos casos legalmente previstos.
- Promover a participación das familias informándoas e asesorándoas, en especial no relacionado coa convivencia democrática e o benestar.

c) En coordinación coa ANPA:

- Promover plans de formación en materia de prevención, detección precoz e protección da infancia e a adolescencia, dirixidos ás persoas proxenitoras e a quen exerza función de tutela, garda ou acollemento.

As accións levadas a cabo pola persoa coordinadora de benestar e convivencia, para desenvolver estas funcións, estarán recollidas no Plan de Traballo da mesma. Este documento, recollerase na PXA, como anexo a este Plan de Convivencia e estará visible na carpeta da nube do grupo de traballo de Convivencia (para o Claustro) e no muro das familias para a súa consulta.

7. GRUPO DE TRABALLO DE CONVIVENCIA.

Dende a elaboración do Plan de Convivencia, hai un grupo de profesores que supervisan e avalían a implementación do Plan de Convivencia no Centro, e que forman o Grupo de Traballo de Convivencia. Neste grupo de traballo, ademais de revisar a conflictividade do centro, na medida do posible, de xeito trimestral, faise un seguimento da aplicación do Plan, e as accións que son propostas diríxense a



todos os sectores e ámbitos do centro.

Está formado por profesorado de distintas etapas educativas cun coñecemento amplo do funcionamento do colexio. Neste grupo de traballo, recompílese información de primeira man do ambiente do centro, e constitúe un grupo máis operativo e dinámico, no caso de existir algún conflito na comunidade escolar.

A Comisión de Convivencia, debe ter as características sinaladas no Decreto 8/2015, con representantes de toda a comunidade educativa, e garante unha análise da conflitividade e reflexiona sobre a situación do Colexio en relación á convivencia.

A Comisión de Convivencia, reunirse tres veces ao ano, será designada polo Consello Escolar, e estará formada por:

- Un/ha alumno/a.
- Un representante das familias.
- Un membro do PAS.
- Un/ha profesor/a.
- Un representante da titularidade.
- O/a Director/a Xeral, que presidirá a Comisión de Convivencia.

Como funcións máis relevantes, están as de:

- Elaborar o Plan de Convivencia e revisalo cada ano.
- Informar dúas veces ao ano ao Consello Escolar da evolución do Plan de Convivencia.
- Propoñer persoas para o Equipo de Mediación.
- Elaborar unha Memoria Anual, analizando os incidentes na convivencia e promovendo accións para melloralas. Esta Memoria será presentada ao Consello Escolar e tamén a Inspección Educativa.

Estas funcións, están asumidas polos titores, os equipos docentes, as CCPs e o Grupo de Traballo de Convivencia.

8. A MEDIACIÓN ENTRE IGUAIS: PROGRAMA DE ALUMNADO AXUDANTE.

Para favorecer a mediación entre iguais, desenvolverase o **Programa de Alumnado axudante**. Trátase dunha proposta que pretende contribuír á mellora do clima de convivencia do noso Colexio. Pretendemos dar resposta ás necesidades de seguridade, procurando un ambiente de respecto mutuo e de non violencia, ás necesidades sociais e ás necesidades de estima, fortalecendo un sentido



de pertenza e de cohesión grupal, e ás necesidades de autorrealización, para todo aquel alumnado que participa de forma activa no Programa.

O Programa consiste en crear un grupo de alumnos/as nos diferentes cursos e grupos da ESO e BAC que teñan funcións específicas en relación ao seu grupo de iguais. Estas funcións poderían ser moitas, por exemplo:

1. Mediar en conflitos entre iguais.
2. Axudar a compañeiros/as que teñan problemas para integrarse.
3. Dar a benvida ao alumnado novo.
4. Axudar ao alumnado novo a integrarse no grupo-clase.
5. Colaborar na transición de etapa de EP (Educación Primaria) á ESO.
6. Participar na charla de transición de etapa de EP á ESO.
7. Realizar algún proxecto/concurso para mellorar a convivencia no Colexio.
8. Colaborar en actividades organizadas desde os diferentes departamentos (Departamento de Pastoral, Departamento de Acción Social e Departamento de Orientación Educativa).

No caso concreto do noso centro, o Programa de Alumnado Axudante desenvólvese na etapa da ESO, coa colaboración de alumnado axudante de 1ºBACH; no curso 24/25 as mediacións serán realizadas de forma simultánea por 2 alumnos/as axudantes (proposta de mellora 3 recollida na memoria de convivencia do curso 23/24).

9. PROCEDIMENTOS DE ACTUACIÓN ORIENTADOS Á PREVENCIÓN DE CONFLICTOS E Á CONSECUCCIÓN DUN ADECUADO CLIMA DE CONVIVENCIA NO CENTRO.

1. Elaborar sesións de titoría para presentar a importancia dunha adecuada convivencia escolar e facer carteis sensibilizadores, así como desenvolver campañas de sensibilización no eido da non discriminación e o respecto á diversidade e á diferenza.
2. A través do PAT favorecer a reflexión sobre a marcha da convivencia, implicando ao alumnado no establecemento de normas de clase.
3. Desenvolver titorías sobre intelixencia emocional (habilidades sociais, empatía, autorregulación, autocoñecemento e motivación) en todas as etapas educativas.
4. Asistir de forma activa no patio ao alumnado nas gardas de recreo.
5. Propoñer ao claustro de profesores formación específica sobre resolución de conflitos e disciplina positiva.



6. Identificar nos diferentes grupos ao alumnado con máis habilidades sociais para mediar nos conflitos que poidan xurdir no grupo a través do Programa de Alumnado Axudante.
7. Potenciar nas entrevistas individuais cos alumnos que se vexan como protagonistas dun clima de convivencia no centro.
8. Favorecer dinámicas de traballo cooperativo (xogos cooperativos, dinámicas de titoría...).
9. Incluír ao seminario de Educación Física na programación da materia actividades que traten de maneira especial o respecto ás normas, o compañeirismo...
10. Celebrar especialmente as campañas dos distintos departamentos relacionados coa paz e a solidariedade, así como promover a conmemoración de datas importantes en relación ao respecto e a igualdade das persoas.
11. Facer consciente ao alumnado da importancia do perfil de alumnado axudante e dos delegados.
12. Xuntanza trimestral da dirección de etapa, xefatura de estudos ou coordinadores de ciclo das CCPs cos delegados de curso.
13. Desenvolver o proxecto de patios inclusivos, coa colaboración do DOE.
14. Ampliar o proxecto de patios inclusivos a etapa de Educación Infantil (proposta de mellora 5 recollida na memoria de convivencia do curso 23/24).

10. DEREITOS E DEBERES DOS MEMBROS DA COMUNIDADE EDUCATIVA EN CANTO Á CONVIVENCIA ESCOLAR.

Segundo a Lei 47/2011 do 30 de xuño, os dereitos e deberes da comunidade educativa son os seguintes:

Dereitos e deberes das nais e pais ou dos titores cando corresponda.

1. As nais e pais ou titores, en relación coa educación dos seus fillos e fillas, son titulares dos seguintes dereitos de convivencia e participación, sen prexuízo dos establecidos nas leis orgánicas de educación:
 - a. Ser respectados e recibir un trato adecuado polo resto da comunidade educativa.
 - b. Estar informados sobre o progreso da aprendizaxe e integración socio-educativa dos seus fillos e fillas, para o que se lles facilitará o acceso ao profesorado e aos membros dos equipos directivos dos centros docentes.
 - c. Recibir información sobre as normas que regulamentan a convivencia nos centros



- docentes.
- d. Ser escoitados, nos termos previstos por esta lei, nos procedementos disciplinarios para a imposición de medidas correctoras de condutas contrarias á convivencia dos seus fillos e fillas.
 - e. Participar no proceso educativo a través de consultas e outros procedementos de participación directa que estableza a Administración educativa.
2. Así mesmo, como primeiros responsables da educación dos seus fillos e fillas, teñen os seguintes deberes:
- a. Coñecer, participar e apoiar a evolución do seu proceso educativo, en colaboración co profesorado e cos centros docentes.
 - b. Coñecer as normas establecidas polos centros docentes, respectalas e facelas respectar, así como respectar e facer respectar a autoridade e as indicacións ou orientacións educativas do profesorado no exercicio das súas competencias.
 - c. Fomentar o respecto polos restantes compoñentes da comunidade educativa.
 - d. Colaborar cos centros docentes na prevención e corrección das condutas contrarias ás normas de convivencia dos seus fillos e fillas.

*Dereitos e deberes do **alumnado***

1. Recoñécenselle ao alumnado os seguintes dereitos básicos de convivencia escolar, sen prexuízo dos establecidos nas leis orgánicas de educación:
 - a) Recibir unha formación integral e coeducativa que contribúa ao pleno desenvolvemento da súa personalidade nun ambiente educativo de convivencia, liberdade e respecto mutuo.
 - b) Respetar a súa identidade, integridade e dignidade persoais.
 - c) Protexelos de maneira integral contra toda agresión física ou moral, e en particular contra as situacións de acoso escolar.
 - d) Participar directamente no proceso educativo cando sexa consultado pola Administración educativa.
 - e) Participar na confección das normas de convivencia e na resolución pacífica de conflitos e, en xeral, participar na toma de decisións do centro en materia de convivencia.



2. Son deberes básicos de convivencia do alumnado:

- a) Participar e colaborar na mellora da convivencia escolar e na consecución dun adecuado clima de estudo no centro respectando o dereito dos seus compañeiros e compañeiras á educación.
- b) Respetar a dignidade e as funcións e orientacións do profesorado no exercicio das súas competencias, recoñecéndoo como autoridade educativa do centro.
- c) Respetar a liberdade de conciencia, as conviccións relixiosas e morais, a igualdade de dereitos entre mulleres e homes e a dignidade e intimidade dos restantes membros da comunidade educativa.
- d) Respetar as normas de organización, convivencia e disciplina do centro docente.
- e) Conservar e facer un bo uso das instalacións e dos materiais do centro.
- f) Intervir, a través das canles regulamentarias, en todo aquilo que afecte á convivencia dos seus respectivos centros docentes.
- g) Seguir as directrices do profesorado respecto da súa educación e aprendizaxe.
- h) Asistir a clase con puntualidade e co material preciso.

Dereitos e deberes do profesorado

1. Ao profesorado, dentro do marco legal establecido e ámbito da convivencia escolar, recoñécenselle os seguintes dereitos:
 - a) Ser respectado, recibir un trato adecuado e ser valorado polo resto da comunidade educativa e pola sociedade en xeral no exercicio das súas funcións.
 - b) Desenvolver a súa función docente nun ambiente educativo adecuado no que se preserve en todo caso a súa integridade física e moral.
 - c) Participar e recibir a colaboración necesaria para a mellora da convivencia escolar e da educación integral do alumnado.
 - d) Recoñecer as facultades precisas para manter un adecuado ambiente de convivencia durante as clases e as actividades e os servizos complementarios e extraescolares.
 - e) Protexelo xuridicamente de maneira adecuada ás funcións docentes.



- f) Participar directamente no proceso educativo cando sexa consultado pola Administración educativa.
- g) Acceder á formación necesaria na atención á diversidade e na conflictividade escolar e recibir os estímulos axeitados para promover a implicación do profesorado en actividades e experiencias pedagóxicas de innovación educativa relacionadas coa convivencia e a mediación.

2. Son deberes do profesorado:

- a) Respetar e facer respetar as normas de convivencia escolar e a identidade, integridade e dignidade persoais de todos os membros da comunidade educativa.
- b) Adoptar as decisións oportunas e necesarias para manter un adecuado ambiente de convivencia durante as clases e as actividades e os servizos complementarios e extraescolares, corrixindo, cando lle corresponda a competencia, as condutas contrarias á convivencia do alumnado ou, no caso contrario, poñéndoas en coñecemento dos membros do equipo directivo do centro.
- c) Colaborar activamente na prevención, detección e erradicación das condutas contrarias á convivencia e, en particular, das situacións de acoso escolar.
- d) Informar aos pais e nais ou titores sobre o progreso da aprendizaxe e integración socioeducativa dos seus fillos e fillas, cumprindo as obrigas de dispoñibilidade dentro do horario establecido no centro para a atención a aqueles que lle impoña a normativa aplicable.
- e) Informar aos responsables do centro docente e, de ser o caso, á Administración educativa das alteracións da convivencia, gardando reserva e sxiilo profesional sobre a información e as circunstancias persoais e familiares do alumnado.

Dereitos e deberes do persoal de administración e de servizos

- 1. Ao persoal de administración e de servizos dos centros docentes, dentro do marco legal establecido e no ámbito da convivencia escolar, recoñécenselle os seguintes dereitos:
 - a) Ser respectado, recibir un trato adecuado e ser valorado polo resto da comunidade educativa e pola sociedade en xeral no exercicio das súas funcións.
 - b) Desenvolver as súas funcións nun ambiente adecuado no que se preserve en todo caso



a súa integridade física e moral.

- c) Participar, no exercicio das súas funcións, na mellora da convivencia escolar.
- d) Protexelo xuridicamente de maneira adecuada ás súas funcións.
- e) Participar directamente no proceso educativo cando sexa consultado pola Administración educativa.

2. Son deberes do persoal de administración e de servizos:

- a) Respetar e colaborar, no exercicio das súas funcións, para facer que se respecten as normas de convivencia escolar e a identidade, integridade e dignidade persoais de todos os membros da comunidade educativa.
- b) Colaborar activamente na prevención, detección e erradicación das condutas contrarias á convivencia e, en particular, das situacións de acoso escolar.
- c) Informar aos responsables do centro docente e, de ser o caso, á Administración educativa das alteracións da convivencia, gardando reserva e sixilo profesional sobre a información e as circunstancias persoais e familiares do alumnado.
- d) Gardar sixilo e confidencialidade respecto das actuacións relacionadas co ámbito educativo das que teña coñecemento.

11. CRITERIOS DE ACTUACIÓN RESPECTO AO ALUMNADO QUE PRESENTA ALTERACIÓNS CONDUCTUAIS QUE DIFICULTAN A CONVIVENCIA ESCOLAR E NORMAS E PROCEDIMENTOS DE RESOLUCIÓN DE CONFLICTOS.

Preséntase un proceso que ten como liñas transversais a mediación, a reeducación e a resolución de conflitos mediante diversas intervencións procesadas que posibiliten un acompañamento individualizado ao alumnado. Ver, xunto co Plan de convivencia, o documento anexo Normas de Organización e Funcionamento (NOF).

12. ACOSO ESCOLAR: DEFINICIÓN E TIPOS DE ACOSO.

12.1. DEFINICIÓN DE ACOSO:

No Protocolo para a prevención, detección e tratamento do acoso escolar e ciberacoso definen o **acoso escolar coma calquera forma de vexación ou malos tratos continuados no tempo recibida por un alumno ou unha alumna por parte dun, dunha ou de máis iguais, de carácter**



verbal, físico ou psicológico, incluído o illamento ou baleiro social, con independencia do lugar onde se produza. Terán a mesma consideración as condutas realizadas a través de medios electrónicos, telemáticos ou tecnolóxicos que teñan causa nunha relación que xurda no ámbito escolar

O ciberacoso é unha modalidade de acoso producido a través das TRIC, como poden ser a mensaxería instantánea, as redes sociais ou internet en xeral. Pode incluír a difusión de rumores a través da rede, a publicación de información falsa, a suplantación da identidade, o acoso sexual ou o envío de mensaxes ameazantes, humillantes ou insultantes a través de internet, entre outros comportamentos.

Moitas das accións vinculadas ao ciberacoso, sempre que sexan cometidas coa intención de acosar directamente a vítima ou de incentivar o acoso por parte doutras persoas, poden ser consideradas delitos. Algúns exemplos son os seguintes:

- Publicación de imaxes comprometidas ou de datos delicados.
- Creación de perfís falsos.
- Alta da vítima en servizos en liña.
- Obtención das claves persoais suplantando a identidade da vítima.
- Roubo de sesións abertas en equipamentos compartidos.
- Creación ou publicación de información ou imaxes de carácter vexatorio a través da intelixencia artificial.

12.2. CARACTERÍSTICAS DO ACOSO:

O acoso e o ciberacoso escolar presentan unhas determinadas características que servirán como indicadores para os diferenciar e os identificar correctamente. Cómpre ter en consideración que, en tanto que nalgúns ocasións é sinxelo determinar a existencia de acoso ou ciberacoso escolar, noutras, a liña que separa estas situacións das que non o son é difusa e difícil de definir con precisión. Non sempre a aparición de certas características do acoso ou do ciberacoso escolar aseguran que algún destes se estea a producir. Por iso, para determinar se hai ou non acoso ou ciberacoso escolar cómpre analizar globalmente as circunstancias de cada caso, as repercusións da problemática creada para as persoas implicadas e a súa evolución no tempo, para poder emitir un xuízo de valor concluínte e fundamentado respecto da existencia ou non de acoso. Deseguido, descríbense algunhas das súas **posibles características, sendo a continuidade no tempo unha condición indispensable para ser considerado acoso ou ciberacoso escolar:**



- **Desigualdade:** desequilibrio de poder físico, psicolóxico, numérico e/ou social, incluíndo o derivado do dominio das TRIC, entre a vítima e a persoa acosadora, de xeito que a vítima non sexa quen de defenderse.
- **Intencionalidade:** Exprésase na intención consciente de facer dano (físico, verbal ou psicolóxico) a unha persoa co obxectivo de convertela en vítima. Non se trata dun descoido nin dun acto fortuíto.
- **Personalización:** Os ataques prodúcense cara a unha mesma persoa, que é colocada desta forma nunha situación de indefensión.
- **Repetición:** A vítima recibe de forma continuada e sistemática ataques de diferente tipo, desde unha ou varias fronteas e durante un tempo continuado. A importancia da frecuencia da agresión para definir a existencia de acoso é resaltada por moitos estudos e investigacións existentes. Isto é debido a que a repetición e a frecuencia están na base da definición de acoso. No caso do ciberacoso, unha soa mensaxe ou imaxe difundida a través de redes sociais pode ter un efecto multiplicador que converte unha única intervención nunha agresión repetida no tempo. A súa rápida difusión provoca unha maior vulnerabilidade nas vítimas.
- **Indefensión:** A reacción típica da persoa agredida é non dicir nada. Tamén hai una indefensión allea, ao non atopar ningunha axuda do grupo para saír da situación.
- **Humillación:** Perséguese que a vítima quede humillada e danada a súa posición grupal.
- **Rexeitamento:** As accións realizadas non son aceptadas pola vítima, pese a que o agresor ou a agresora as describan como unha broma ou un xogo.
- **Invisibilidade:** As accións calcúlanse para se realizar en espazos -físicos ou virtuais pouco frecuentados polas persoas adultas e en tempos escolares con menor supervisión.
- **Inhibición das persoas observadoras:** As situacións de acoso normalmente son coñecidas por terceiras persoas que non contribúen suficientemente para que cese a agresión. A vítima está soa fronte a quen a agrede, e poucas ou ningunha das persoas observadoras a apoian ou a defenden.

12.3. TIPOS DE ACOSO:

- **Acoso físico:** pode ser directo (sobre a propia vítima: golpes, empurróns, beliscos etc.) ou indirecto (danos ás súas propiedades ou a outras persoas próximas a ela -irmáns ou irmás de menor idade, por exemplo-).



- **Acoso verbal:** pode ser directo (insultos, alcumes, ofensas, berros, burlas, humillacións etc.) ou indirecto (difusión de rumores negativos, discriminación etc.).
- **Acoso psicolóxico:** ameazas, intimidación, manipulación, chantaxe ou extorsión. Este tipo de acoso tamén abrangue a exclusión social, a través da cal se impide a participación e/ou a inclusión da vítima, ou se ignora a súa presenza no grupo.
- **Acoso sexual:** calquera acto violento ou agresión baseados nunha situación de desigualdade no marco dun sistema de relacións de dominación que teña ou poida ter como consecuencia un dano físico, sexual ou psicolóxico.

Nalgunhas ocasións, un mesmo caso comprende características de máis dun tipo de acoso escolar dos definidos anteriormente.

13. ACTUACIÓNS ANTE UN POSIBLE CASO DE ACOSO: EQUIPO ACAE.

A dirección do centro educativo e o denominado equipo ACAE serán as figuras encargadas de levar adiante todas as actuacións necesarias durante o proceso de intervención. Este equipo será constituído para cada unha das intervencións necesarias, seguindo o protocolo correspondente.

A dirección do centro recibirá, en todo caso, a comunicación dos feitos. Ademais, será quen realice as oportunas comunicacións a familias, representantes legais, inspección educativa e outros axentes externos, de ser o caso. O equipo ACAE xestionará todas as demais actuacións posteriores á comunicación dos feitos. Este estará formado por un mínimo de tres membros do claustro, entre os cales sería aconsellable que se atopasen os seguintes:

- Xefe/a do Departamento de Orientación. No noso centro, será un dos orientadores de etapa (en función do alumnado implicado).
- Coordinador/a de benestar e convivencia.
- Un/unha docente nomeado/a pola dirección do centro para cada caso en función do alumnado implicado, que será a persoa instrutora do procedemento corrector, de ser o caso.

Este equipo solicitará a colaboración da persoa designada pola dirección do centro como responsable da atención á vítima, recollido no artigo 30.2.c) da Lei 4/2011, así como de persoas de confianza, pertencentes ao centro, de todo o alumnado implicado.



En xeral, as funcións deste equipo serán as seguintes:

- Revisión diaria e filtraxe das posibles denuncias no Punto Laranxa contra o Acoso e o Ciberacoso Escolar. A persoa coordinadora de Benestar e convivencia revisará o punto Laranxa físico e a Dirección Xeral revisará o Punto laranxa virtual aloxado na páxina web do centro.
- Rexistro e comunicación dos feitos ante a dirección do centro educativo.
- Comprobación da veracidade dos feitos comunicados.
- Determinación da existencia de indicios de acoso.
- Apertura, de ser o caso, dunha investigación.
- Adopción, de ser necesario, de medidas inmediatas.
- Elaboración do ditame derivado da investigación.
- Apertura, se procede, do protocolo.
- Reunión coas persoas implicadas en presenza da familia ou de representantes legais, **unicamente no caso de apertura do protocolo.**
- Pechamento, cando proceda, do protocolo.
- Seguimento e avaliación das medidas adoptadas.

O proceso seguido ante un posible caso de acoso terá diferentes fases:

1ª Fase: Comunicación dos feitos: O antes posible, a dirección do centro trasladará ao equipo ACAE toda a información para realizar unha primeira valoración dos feitos. Da constitución deste equipo quedará rexistro e o resultado da valoración recollerase no documento pertinente, que será cuberto e asinado polos membros do equipo e entregado á dirección do centro.

Se o equipo ACAE non aprecia a existencia de indicios de acoso ou ciberacoso escolar e non determina a necesidade de apertura dunha investigación, a dirección do centro informará a xefatura de estudos sobre a necesidade de establecer as medidas educativas oportunas para abordar as faltas contrarias á convivencia ou gravemente prexudiciais, recollidas no NOF, segundo o regulado na Lei 4/2011, do 30 de xuño, e no Decreto 8/2015, do 8 de xaneiro, no caso de ser necesario.

Se o equipo ACAE aprecia a existencia de indicios de acoso ou ciberacoso escolar, determinarase a necesidade de apertura dunha investigación.



2ª Fase: Investigación: Despois de concluír que os feitos comunicados conteñen indicios de acoso ou ciberacoso escolar, o equipo ACAE procederá a iniciar unha investigación, da cal quedará constancia. Durante a fase de investigación **non é obrigatorio informar as familias nin as persoas representantes legais**. Porén, se o equipo ACAE considera oportuna a súa participación, poderá facelo e terá que rexistralo documentalmente. A partir desta fase, cando se produce a apertura do protocolo de Acoso, as comunicacións e citacións ás familias ou representantes legais son obrigatorias no caso de persoas implicadas menores de idade non emancipadas.

O protocolo que deberá seguir o equipo ACAE durante a investigación será o seguinte:

- Observación directa e sistemática nas zonas de risco (patios, corredores, entradas e saídas da clase, cambios de clase, comedor etc.), co fin de recoller datos sobre as relacións do alumnado no centro, as características das súa interacción, os niveis de agresión existentes, as situacións en que se producen agresións etc.
- Realización das entrevistas que o equipo ACAE estime oportunas, pero como mínimo as seguintes:
 - o Posibles vítimas.
 - o Posibles persoas acosadoras.
 - o Persoas espectadoras.
 - o Persoa que informa dos feitos (de ser o caso)

Estas entrevistas serán realizadas por un ou dous membros do equipo ACAE, co obxectivo de obter información desde todas as perspectivas. A persoa designada do equipo ACAE deberá ser especialmente coidadosa e amosar unha actitude receptiva e obxectiva durante todo o proceso, así como manter a confidencialidade da información recollida.

3ª Fase: Ditame: Concluída a investigación, o equipo de ACAE analizará a información recollida e fará unha valoración da situación, que será rexistrada no Ditame emitido polo equipo. **Se no ditame se descarta a posible situación de acoso ou ciberacoso escolar**, o centro educativo dará o **proceso por concluído e non se iniciará o protocolo**. Así e todo, a dirección do centro informará a xefatura de estudos sobre a necesidade de establecer as medidas educativas oportunas para abordar as faltas contrarias á convivencia ou gravemente prexudiciais, de acordo co recollido no NOF. **A decisión de non abrir o protocolo poderase modificar con posterioridade se os datos indican unha**



variación da situación en sentido oposto. Neste caso, estableceranse as medidas educativas e correctoras que determine a xefatura de estudos. **Se no ditame se confirma a posible situación de acoso ou ciberacoso escolar, o equipo ACAE iniciará o protocolo e trasladará á dirección do centro a necesidade de apertura do procedemento corrector** común das condutas gravemente prexudiciais para a convivencia.

4ª Fase: Apertura de Protocolo: Cando se produce esta situación, a dirección comunicará oficialmente, a través de medios físicos ou telemáticos, a apertura do protocolo ás familias e/ou representantes legais das persoas implicadas, e estas serán convocadas a unha reunión. Informarase, ao mesmo tempo, á Inspección educativa para o seu coñecemento.

Nesa reunión, en presenza das familias ou de representantes legais, o equipo ACAE informará das medidas inmediatas adoptadas, as actuacións realizadas e a información resultante das investigacións previas. Rematadas as reunións, o equipo ACAE comunicará á dirección do centro as conclusións que levan consigo o pechamento do protocolo. A dirección notificará esta situación ás familias ou representantes legais das persoas implicadas, con copia á Inspección Educativa e, de ser o caso, a outros organismos.

5ª Fase: Seguimento e avaliación das medidas adoptadas: As medidas propostas polo equipo ACAE levan asociado un seguimento do seu desenvolvemento, adaptando a temporalización proposta a continuación ás circunstancias concretas de cada situación, e deixarase constancia a través do documento pertinente, do cal deberá entregarse copia á dirección do centro.

A temporización proposta é a seguinte:

- Primeiro mes: recollida de información quincenalmente.
- Segundo mes en adiante: recollida de información mensualmente.

Manterase este seguimento o tempo que se considere necesario. As follas de seguimento serán entregadas ao finalizar o curso á dirección do centro; incluíranse no expediente do protocolo e informarase ao profesorado titor do alumnado implicado do curso seguinte (sempre que este permaneza no mesmo centro), co fin de detectar unha posible repunta da situación.



14. SEGUIMIENTO E AVALIACIÓN DO PLAN DE CONVIVENCIA

Con respecto do Plan de Convivencia, faise o seguinte proceso de seguimento e avaliación ao longo de todo o curso por parte dos distintos membros do claustro:

COORDINACIÓN /XEFATURA DE ESTUDOS:

- **SEGUIMIENTO INCIDENCIAS:** Os/as coordinador/as da sección recollen as incidencias e trasládaas a un rexistro informático que existe no ordenador de Coordinación ao que teñen acceso os titores. Este rexistro está estruturado en carpetas por aulas.
- Cada alumno posúe unha ficha na que se van computando o número de L/D/G e as accións tomadas a cabo segundo marca o proceso. Ademais, comunica no parte (para informar ao titor/a) a situación do alumno amoestado/a.
- A carpeta de disciplina de cada titoría está subida a nosa nube, en Educamos, e cada titor/a pode consultala en calquera momento.
- **XUNTANZA COORDINADOR/A ALUMNADO PROBLEMAS DISCIPLINA:** cando un alumno/a está en situación D3 o/a coordinador/a réunese con el/ela no despacho para facerlle reflexionar sobre o seu comportamento, fálase co alumno/a a partir de aquí de forma periódica. Se lle informa que a acumulación de 3 faltas consideradas como “D” implica a entrega á familia da carta de mal comportamento, e a 0 titor/a, a folla de compromiso para que asine o alumno/a.
- **XUNTANZA DELEGADOS/AS:** Ademais das reunións que os/as titores/as teñen cos delegados/as, os coordinadores/as reúnense trimestralmente con todos os/as delegados/as do centro, e un dos puntos tratados versa sempre sobre o clima de convivencia no centro. Por mor da crise sanitaria, distribuiranse as xuntanzas para non concorrer moitas persoas no mesmo espazo.

COORDINACIÓN DE BENESTAR E CONVIVENCIA E DIRECCIÓN:

- **PUNTO LARANXA:** De maneira periódica, o/a coordinador/a de Benestar e Convivencia e/ou director/a de etapa revisa o buzón do punto Laranxa físico e virtual, respectivamente.



TITORES:

- Realización de entrevistas individuais co alumnado.
- Posta en marcha do PAT e análise de convivencia do grupo (de 5ºEP a 4ºESO) nas xuntas de avaliación.
- Vixilancia activa nas gardas de patio e nos corredores.
- Aplicación dos cuestionarios de clima convivencia.

PROFESORADO:

- Análise de convivencia do grupo (de 5ºEP a 4ºESO) nas xuntas de avaliación.
- Vixilancia activa nas gardas de patio e nos corredores.

15. AULA DE CONVIVENCIA INCLUSIVA.

Segundo a Lei 4/2011, os centros poderán dispoñer de aulas de reflexión e convivencia inclusiva, “cuxa vocación é substituír o tempo de expulsión do alumnado que estivese temporalmente privado do seu dereito de asistencia ao centro, como consecuencia da imposición de medidas correctoras, buscando a reincorporación á súa propia aula no menor tempo posible”.

Esta ferramenta xurde ante a diversidade na conflitividade dos centros educativos, e como unha necesidade para dar resposta a un perfil de alumnado con dificultades na convivencia, que pode mellorar as súas condutas e actitudes e que redundará no seu grupo-clase e no centro no seu conxunto.

15.1. Obxectivos da Aula de Convivencia Inclusiva.

- Ser unha alternativa á expulsión do centro para o alumnado sancionado por motivos de convivencia.
- Favorecer un proceso de reflexión das causas que levan ao alumnado, a estar nesta Aula.
- Posibilitar que o alumnado aprenda a responsabilizarse das súas propias accións, pensamentos, sentimentos e comunicacións cos demais.
- Contribuír a desenvolver actitudes cooperativas, solidarias e de respecto na súa convivencia.
- Reconstruír e favorecer a súa autoestima e autocontrol.
- Resolver os conflitos de maneira pacífica dende o diálogo e a reflexión.



- Educar de maneira integral ao alumnado, potenciando as relacións interpersoais de cada alumno ou alumna, integrándose da mellor maneira posible na comunidade.
- Mellorar a vida académica e persoal do alumnado con problemas de convivencia, mellorando o clima e ambiente do centro.

15.2. Criterios e condicións para ser atendido na aula de convivencia inclusiva.

Será derivado á aula de convivencia, o alumnado que tendo problemas de conduta ou convivencia, non amose melloras na súa conduta co procedemento habitual, baseado nos mecanismos de prevención do punto 7 (diálogo cos compañeiros, mediadores, profesorado e/ou titor...) e que non responde tampouco satisfactoriamente ante as medidas correctoras disciplinarias.

Así mesmo, o alumnado seguirá un proceso de acumulación de faltas leves e graves antes de chegar á aula de convivencia, e tamén terá que ser avaliado e proposto polo equipo de orientación, para entender que pode ser útil derivalo a esta Aula, ben sexa porque é reincidente na súa mala conduta, ou se detecten deficiencias na súa autoestima, autocontrol ou relacións persoais.

Dependendo de en que etapa está o alumno/a, ao chegar a un número de faltas graves (directas ou por acumulación de faltas leves –ver sección tipificación de faltas-), o/a alumno/a entrará na Aula de Reflexión primeiramente, onde asistirá nos recreos durante unha semana, a traballar sobre cuestións relacionadas coas habilidades sociais. Tras esta reflexión, poderá asinar ou declarar o seu compromiso a rectificar e mellorar nos apartados que foron analizados, e que derivan nun mal comportamento.

Se este primeiro traballo non mellora a súa conduta, e tras non cumprir co seu compromiso, poderá ser enviado/a á Aula de Convivencia, para durante unha semana, facer parte das súas tarefas académicas xa que non sería conveniente que perdesse todo contacto académico nin o ritmo de aula, e tamén un traballo de habilidades sociais (ver Programa de Habilidades Sociais) máis intenso cara unha modificación da súa conduta.

O espazo físico da Aula de Convivencia Inclusiva será o máis axeitado dependendo dos recursos do centro, e o profesorado atenderá esta Aula dentro do seu horario regular de obrigada permanencia no centro, que poderá ser profesorado de garda.

Será conveniente tamén contar coa colaboración do Departamento de Orientación, que apoiará ao profesorado que aplique a medida, elaborará e supervisará os materiais da aula de convivencia, e estará ao corrente do resultado do traballo realizado.



17. CONCLUSIÓNS.

O Plan de Convivencia do centro pretende ser unha ferramenta manexable e efectiva, onde o profesorado pode acudir para consulta e mellora do seu labor educativo, así como un comezo na estruturación sistemática, tanto nos procesos de prevención cara a consecución dunha mellor convivencia na comunidade escolar coma nos procesos de disciplina cando xurdan conflitos de calquera tipo.

Como documento vivo, estará suxeito a revisión, estudo e seguimento, sendo susceptible de ser modificado polo grupo de traballo asignado para tal fin.

Ata o momento e trala aplicación do seguimento por parte do profesorado, os datos amosan unha conflitividade en xeral baixa salvo excepcións puntuais, e grazas ás enquisas e feitos comunicados ao centro foron detectados algúns casos conflitivos que se xestionaron dende a xefatura de estudos, o equipo ACAE e a dirección xeral.

Esperamos que a comunidade educativa acolla con ánimo e motivación o Plan de Convivencia, para que de maneira participativa poida ser mellorado e adecuado cara unha mellor xestión dos conflitos do noso centro.



15. LISTADO DE ANEXOS

1. Normas de Organización e Funcionamento.
2. Carta de mal comportamento.
3. Folla de compromiso.
4. Carta de aviso de expulsión.
5. Comunicación de apertura de expediente.
6. Comunicación de expulsión.
7. Folla de amoestación.
8. Programa de Alumnado Axudante.
9. Plan de Traballo da Persoa Coordinadora de Benestar e Convivencia.
10. Programa de Habilidades Sociais.